

Criterios de cualificación para a ESO e 1º de BAC.

Ademais do traballo diario individual na clase que terá que ser debidamente puntuado realizaranse varias probas para superar a materia do curso. Lembramos que o ensino da lingua inglesa forma parte dun sistema de **avaliación continua**, polo cal ao remate do curso , a nota que obteña o alumno/a na 3ª avaliación será a que obteña finalmente, podendo realizarse un exame final ou ben unha proba de recuperación ao remate desta última avaliación a criterio do/a profesor/a.

- Realizarase alomenos un exame por trimestre que puntuará o **60% da nota final de cada avaliación**. Dito exame ou exames deberán consistir nunha proba de gramática e vocabulario, redacción , proba de escoita e comprensión lectora.
- restante **40% da nota** corresponderá a probas orais, tests de unidades ou de vocabulario, traballos, lecturas obrigatorias, proxectos e redaccións que se requiran do alumnado.
- A nota final, de non ser un número enteiro, poderá ser redondeado á alza ou á baixa dependendo do comportamento e a participación do alumno na aula.
- Os alumnos non poderán deixar ningunha das probas en branco se queren que se lles faga a media de todas as notas obtidas.

No caso de non superar a materia durante o curso , o alumno/a realizará a **proba extraordinaria de setembro**. Dita proba constará de 4 partes: **Reading, Vocabulary, Grammar e Writing**, puntuando os exercicios: 10%, 10%, 60%, 20% aproximada e respectivamente.

As faltas ortográficas básicas e repetidas baixarán a nota.

O alumno debe demostrar a súa comprensión lectora respondendo de forma axeitada e co seu propio vocabulario.

A redacción debe estar adecuada ao tema proposto e utilizar as estruturas e léxico do seu nivel.

Os rapaces que non sexan quen de superar os contidos mínimos na convocatoria extraordinaria terán dereito a presentarse á unha **proba da materia pendente en abril**. Poderáselle dividir a materia en dous exames e celebrar o primeiro a finais de xaneiro ou ben en febreiro,. A proba deberá constar das mesmas partes e puntuación que a proba de setembro e o alumnado debe superar os contidos mínimos esixibles.

Para axudar á superación da proba o/ profesor/a deberá facilitarlle ao alumnado coa materia pendente material de apoio consistente en exercicios de gramática e vocabulario que acordes aos contidos mínimos. Dito material debe entregarse antes da proba de abril nos prazos que indique o/a profesor/a e terase en conta na nota final.